



Procedemento para rexistrar a localización nos espazos docentes da Universidade de Vigo

Obxectivo

Para facer fronte á pandemia da covid-19 e para facilitar a actuación cando se presente algún positivo na comunidade, a Universidade de Vigo creou un sistema de identificación dos postos empregados por cada unha das persoas usuarias dos espazos docentes.

Este sistema consta de dous elementos principais:

- Un código QR que identifica de forma independente cada posto
- Unha aplicación informática para que desde o móbil se poida asociar o posto co seu usuario/a

O rexistro da localización é obrigatorio e vai en beneficio de todos e todas nós, polo que vos pedimos a máxima colaboración para que o seu uso sexa habitual.

Se alguén detecta unha falta no seu cumprimento, problemas no seu funcionamento ou unha deterioración nas etiquetas QR, solicitámosvos que o poñades en coñecemento dos centros para garantir o seu uso.

Funcionamento

1. Calquera usuario/a (PDI ou alumnado) que entre nun espazo docente atopará diversos adhesivos con códigos QR nos diferentes postos.



Exemplo: Escola de Enxeñaría Industrial (sede campus), aula A15, posto 36

2. Se o espazo docente carece de distinción clara de postos ou postos fixos (o laboratorio é o exemplo máis representativo), atoparanse varios códigos QR espallados por diferentes localizacións. Se este é o caso, a persoa usuaria pode empregar calquera dos códigos QR (a localización de todo o PDI e do alumnado será única: todos e todas compartirán un espazo sen control sobre o distanciamento).

1



2



3. Todos os puntos verdes que indican lugares permitidos para sentarse segundo as normas covid-19, deberán contar cun código QR.
4. En moitos casos tamén haberá adhesivos QR en postos sen punto verde. Estes non poderán utilizarse mentres non cambien as normas de distanciamento.
5. Antes do comezo da sesión docente, o PDI e o estudiantado deberán empregar a cámara do seu móbil para ler o código QR do seu posto. A mesa do profesorado deberá ter un QR co posto 1 (profesor/a).
6. En canto a cámara do móbil detecte o QR ofrecerá como opción a apertura ao URL qr.uvigo.gal
7. Tras aceptar que o móbil acceda ao dito URL, aparecerá a pantalla (1) amosada na marxe.
8. O sistema permite identificarse de dúas maneiras: mediante o DNI ou o inicio de sesión na secretaría virtual da Universidade de Vigo.
9. Unha vez identificada a persoa a través de calquera dos dous métodos aparecerá a pantalla (2) de confirmación.
10. Se nos rexistramos a través da secretaría virtual, cubrirase de maneira automática o nome da persoa cos datos almacenados. Aparecerá ademais un espazo para introducir o nome da materia (opcional).
11. Cómpre sinalar que en ningún momento se gardará o número de teléfono móbil empregado no rexistro.

A información obtida mediante esta aplicación terá como finalidade localizar as persoas que potencialmente tiveron contacto ou estiveron preto de persoas diagnosticadas coa covid-19. Esta será unha información esencial para evitar o confinamento masivo de grupos, de graos e de centros.

A responsabilidade sobre o emprego desta información para rastrexar as persoas afectadas por un positivo e notificarlles esta situación recae no/a responsable covid-19 de cada centro.

Se o adhesivo dun código QR está deteriorado e non se pode ler, deberá avisar o profesorado para que llo comunique á persoa responsable covid-19 do centro e se substitúa.